

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de marzo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e sete minutos horas do día de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausenci da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(247).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(248).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SABA APARCAMIENTOS S.A. CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DO APARCAMENTO SITUADO NA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de dito Servizo, co contido que se transcribe de seguido:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF), de aplicación no que non se opoña ól TRLCSF.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal, de 30 de setembro de 2015 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación da concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal, de 30 de setembro de 2015(PPT).
- Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de xaneiro de 2015 se anuncia en el perfil del contratante del Concello de Vigo, como contratación programada, a licitación do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal.

Segundo.- En data 30 de setembro de 2015, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexen a contratación e acordou abri-lo procedemento de licitación da citada concesión.

Terceiro.- En data 10 de outubro de 2015 a licitación é obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea, abríndose con esta publicación o prazo de presentación de ofertas, que finalizou o día 20 de novembro de 2015. Foi obxecto de publicación, así mesmo, nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial de Galicia, en data 29 de outubro de 2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 30 de outubro de 2015.
- No Boletín Oficial do Estado, en data 2 de novembro de 2015.

Cuarto.- En data 24 de novembro de 2015 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do “sobre A: documentación persoal” do procedemento de referencia. Trala calificación da mesma, acordouse admitir no mesmo ós seguintes licitadores:

- CONTINENTAL PARKING S.L.
- EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.

- INTERPARKING HISPANIA S.A.
- SABA APARCAMIENTOS S.A.
- UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA

Nesta mesma data procedeuse á apertura do “sobre B: Proposición evaluable mediante xuízo de valor”.

Quinto.- En data 14 de decembro de 2016, a Mesa de contratación procedeu á apertura do “sobre C: proposición evaluable mediante fórmula” e acordou solicitar informe de valoración da mesma á Xefa do servizo de Transportes.

Sexto.- En data 21 de decembro de 2016 INTERPARKING HISPANIA presenta escrito no Rexistro Xeral deste concello formulando alegacións sobre os datos da apertura do sobre C.

Sétimo.- En data 24 de febreiro de 2016, a xefa do servizo de transportes emite informe poñendo de manifesto a dificultade de valora-las ofertas, pois os licitadores interpretaron de diferente maneira os criterios e non resulta posible homoxeneiza-los valores ofertados por cada un. Neste mesmo informe se procede a dar resposta ás alegacións presentadas por INTERPARKING HISPANIA, S.A., no citado escrito.

Octavo.- En data 24 de febreiro de 2016, a Mesa de contratación, á vista do informe citado no apartado anterior, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Conceder un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á recepción desta solicitude, ós licitadores CONTINENTAL PARKING, S.L, EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., y á UTE formada polas mercantís EMSERCO, SOGESEL, INGESER e ATLANTICA, para que aclaren, sen modifica-la oferta presentada, os seguintes extremos das suas ofertas:

- Con relación ó criterio evaluable mediante fórmula recollido no apartado 2.3 da cláusula 16ª.2. “Porcentaxe de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 do PCAP”: no que páxina do Plan económico-financeiro e con que número, se prevé o numero de abonos de non residentes que existirán no aparcamento.
- Con relación ó criterio evaluable mediante fórmula recollido no apartado 2.4 da cláusula 16ª.2 “Incremento da porcentaxe de prazas reservadas para residentes”: a coherencia da porcentaxe de incremento de prazas de residentes coa porcentaxe total de prazas de residentes fixados no modelo de proposición, e a coherencia de ambos en relación coa totalidade das prazas do aparcamento e as prazas previstas de residentes no Plan económico-financeiro.

Advertíndolles de que están incursas nunha posible causa de exclusión conforme ás cláusulas 14 e 18 do PCAP e o artigo 84 do RLCAP.”.

Noveno.- En data 18 de abril de 2016, a xefa do servizo de Transportes informa sobre a valoración da oferta técnica, responde ás alegacións formuladas polos licitadores nos escritos de aclaracións presentados e realiza a clasificación das ofertas. Este informe é aprobado

pola Mesa de contratación na sesión de data 21 de abril, que, á vista do mesmo, formula ó órgano de contratación proposta de clasificación das ofertas en orde descendente.

Décimo.- En data 21 de abril de 2016, a XGL aproba a clasificación dos licitadores en orde descendente.

Undécimo.- En data 10 de maio de 2016, EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., presenta alegacións sobre o acordo de clasificación, que foron contestadas no acordo da XGL de data 27 de maio de 2017.

Duodécimo.- En data 15 de xullo de 2016, a XGL acorda a adxudicación deste procedemento a SABA APARCAMIENTOS, S.A. Este acordo foi notificado ós licitadores nesa mesma data.

Décimo terceiro.- En datas 2 e 4 de agosto de 2016, D. Antonio Jiménez Torre, en nome e representación de EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A. (en adiante EMPARK) e D. Ernesto Piera Trius, en nome e representación de INTERPARKING HISPANIA, S.A. (en adiante INTERPARKING), respectivamente, interpoñen perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC ou o Tribunal) recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal.

O segundo destes recursos foi desestimado por resolución nº 789/2016 do TACRC. O primeiro estimado en resolución nº 859/2016, que anula a adxudicación realizada e ordena retrotrae-lo procedemento para facer unha nova valoración do sobre C.

Décimo cuarto.- En dataa 15 de novembro de 2016, a xefa do servizo xestor emite un novo informe, que é aceptado pola Mesa de Contratación, que á vista do mesmo propon á XGL unha nova clasificación en orde descendente das ofertas dos licitadores, sendo o primeiro clasificado EMPARK. Clasificación acordada pola XGL o 25 de novembro.

Décimo quinto.- En data 23 de febreiro de 2017, a XGL acordou a adxudicación do procedemento a EMPARK. Este acordo foi notificado ós licitadores ese mesmo día.

Décimo sexto.- En data 10 de marzo de 2017, D. Miguel Angel Rodríguez Presumido, en nome e representación de SABA APARCAMIENTOS, S.A. (en adiante, SABA ou o recorrente), anuncia a interposición de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do procedemento que nos ocupa, en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Interpoñendo o recurso o 13 de marzo no Rexistro do TACRC.

Décimo sétimo.- En data 14 de marzo de 2017, o servizo de Contratación, solicita informes sobre o recurso ó técnico que elaborou o informe de valoración do sobre B e ó servizo xestor, que o emiten en data 23 de marzo do mesmo ano.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

E obxecto da presente impugnación o acordo da XGL de data 23 de febreiro de 2017 de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.

-II-

Legislación aplicable

E preciso comezar por determina-la legislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do TACRC para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación armonizada.
- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei, o valor estimado do cal sexa igual ou superior a 209.000 euros .
- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 do TACRC).

Este precepto na actualidade, finalizado o prazo de transposición da Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, hai que interpretalo tendo en conta que a mesma goza de efecto directo dende o 18 de abril de 2016.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribúe pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1, 43 e 47 do TRLCSP (...)”, convenio que foi obxecto de prórroga e está vixente na actualidade.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar se concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo lle corresponde ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia a efectos de formular alegacións no presente informe en caso de que non concorran e, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

A) En canto ós **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se viron prexudicados ou podan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42

TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito SABA anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de 10 de marzo de 2017, a intención de interpoñer recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso se fará consta-lo acto recurrido, o motivo en que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recurrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por tórsea transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente no que recaia ou do xornal oficial ou perfil de contratante no que foi publicado.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recurrente no Rexistro electrónico do TACRC o día 13 de marzo de 2017.

D) Por último, respecto ós **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquél no que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP).

No caso que nos ocupa, SABA presenta o recurso en data 13 de marzo de 2017. Tendo en conta que o acordo de adxudicación lle foi notificado o 23 de febreiro de 2017, o recurso se interpon dentro do prazo concedido ó efecto.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, polo que non procede solicitar do mesmo a súa inadmisión.

Nos fundamentos xurídicos seguintes se analizará o fondo da cuestión plantexada polo recurrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recurrida

O Sr. Rodríguez, en nome e representación de SABA, fundamenta a impugnación nos seguintes motivos:

1º.- A admisión de variacións na oferta de EMPARK formuladas en trámite de aclaración de ofertas, vulnerando os principios que rexen a contratación pública.

2º.- A modificación polo Concello de un dos criterios de adxudicación, o previsto na cláusula 16.2.2.4 do PCAP, consecuencia da admisión de aclaracións de EMPARK e da UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA.

3º.- A admisión da oferta de EMPARK, que vulnera o disposto no PCAP, na lei e os principios que rexen a contratación pública, consecuencia da interpretación inexacta da RTACRC de 21-10-2016.

4º.- Os prezos dos abonos de non residentes fixados na oferta do adxudicatario son desproporcionados, non responden á lóxica de mercado e son contrarios ós artigos 2 e 87 do TRLCSP.

5º.- A valoración da oferta do recurrente foi efectuada de forma arbitraria e falta de motivación, e incurre en erros, vulnerando os principios que rexen a contratación pública, os artigos 9.3 e 24 CE e o artigo 35.1 da LPAC.

Dado que o recurso versa sobre a valoración da oferta técnica e da económica, o servizo de Contratación solicitou informe ó respecto á Xefa do servizo de Transportes, técnica á que a Mesa de Contratación do Concello de Vigo lle encomendou a tarefa de valorar tanto o sobre B "Proposición evaluable mediante xuízo de valor", como o sobre C "Proposición evaluable mediante fórmula" e a valoración do cal se cuestiona neste recurso. A citada técnica emite informe en data 23 de marzo de 2017.

Analizaremos a continuación, nos fundamentos xurídicos seguintes, cada un destes motivos de impugnación.

- VI-

Da suposta admisión de variacións na oferta de EMPARK formuladas en trámite de aclaración de ofertas

Comeza o recurrente afirmando na alegación primeira a admisión de variacións na oferta de EMPARK formuladas en trámite de aclaración de ofertas, vulnerando así os principios que rexen a contratación pública. Manifesta ó respecto a xefa do servizo de Transportes no seu informe que:

"Empark ofertou no apartado 2.2.4. da cláusula 16 do PACP relativo á porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, un 15% tal e como se desprende do primeiro informe de criterios obxectivos, sen embargo dito informe considera que a porcentaxe ofertada é realmente do 69,90 % e que Empark aclarou ó Concello que o dato correcto era o do P.E.F. e non o da súa proposición económica, isto é 64 pra-

zas de aparcamento; aclaro ademáis que deberían engadirse 6 prazas de aparcamento para motocicletas do que resultaría un total de 70 prazas

O cambio de valoración o resume nos seguintes puntos:

O numero de prazas para residentes mínimo que esixe o PCAP e o PPT é dun 20% das prazas de aparcamento (41,2 prazas de aparcamento)

A proposición económica de Empark recolleu na súa oferta un incremento do 15% isto é un total de 47;38 prazas

Sen embargo Empark aclarou ó Concello que o dato correcto era o do PEF e non o da súa proposición económica, isto é, 64 prazas de aparcamento para motocicletas, do que resultaría un total de 70 prazas de aparcamento para residentes ofertadas.

Polo que se aceptou unha aclaración que altera a oferta de Empark e que modifica o criterio de valoración establecido na cláusula 16.2.2.4 do PCAP

INFORME TÉCNICO DO SERVIZO:

En primeiro lugar é necesario considera-la regulación incluída no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación e o contrato, en relación coas prazas reservadas para residentes:

O PCAP indica no punto 4. da cláusula 2ª, que “Se reservarán para uso de residentes en réxime de abono como mínimo o 20 % das prazas do aparcamento”.

O PCAP no apartado 7 do modelo de proposición económica, solicita que o licitador indique: “Propon ___% porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total de un ____% das prazas do aparcamento reservadas a residentes.”

O PCAP no apartado 2.4, sobre os criterios disponibles mediante fórmula ou índice, se indica que se valorará “o incremento de porcentaxe de prazas reservadas a residentes”.

No informe emitido por este servizo en data 24 de febreiro de 2016 e dirixido á Mesa de Contratación fíxose constar que as ofertas realizadas polos licitadores no criterio 2.4 “Incremento da porcentaxe das prazas reservadas para residentes”, non eran homoxeneas considerándose que os licitadores partiron de bases diferentes para efectuar as súas ofertas.

Polo citado motivo foron solicitadas aclaracións a tres empresas entre elas a Empark Aparcamientos y Servicios S.A para que aclarasen sen modifica-la oferta presentada, a coherencia entre a porcentaxe de incremento de prazas de residente, a porcentaxe de prazas de residente en relación coa totalidade das prazas de aparcamento e as prazas previstas de residentes no Plan económico-financieiro.

A empresa Empark Aparcamientos y Servicios S.A. , dentro do prazo concedido ó efecto presentou escrito no cal aclaraba que nas páxinas nº 8 e nº 20 do Plan económico-financieiro, se cuantifican en 64 as prazas para residentes que se refiren exclusivamente ás prazas de automovil, que sobre un total de 181 prazas representa un

15% adicional ó 20 %. Engaden que evidentemente a mesma porcentaxe do 35% é de aplicación ás motocicletas, se ben non quedaron reflectidas no estudio económico-financieiro por considerarse despreziable ós efectos de estimación de ingresos e por non ter detectado demanda.

Da aclaración presentada resulta que a empresa oferta un 15% de incremento da porcentaxe de prazas de residentes, tanto de automóbiles como de motocicletas, o que sumado ó 20 % esixido como obrigatorio, da un resultado dun 35% do total das prazas do aparcamento : 70 prazas de residentes en total :64 prazas de automóbiles sobre un total de 181 e 6 de motocicletas sobre un total de 19 é dicir, un total de 70 prazas reservadas a residentes, sobre un total de 200 prazas.

Polo exposto se conclue que non se produciu variación algunha na oferta de Empark na súa aclaración sobre as prazas de residentes ofertados polos seguintes motivos:

- Tódolos licitadores desenvolven o detalle da súa proposición económica no Plan Económico-financieiro.
- A empresa Empark non aclarou en ningún momento que o dato correcto era o do PEF e non o da súa proposición económica, porque ambos datos son coincidentes e correctos; aclarando únicamente que non fan mención expresa ás motocicletas. Ofertan un 15% de incremento da porcentaxe (20%) das prazas reservadas a residentes resultando un total das prazas do aparcamento reservadas a residentes de un 35%, é dicir 64 prazas de automóbiles polo que a oferta neste apartado é correcta. A inclusión ou non inclusión das motocicletas non modifica as porcentaxes ofertadas.
- Os cálculos efectuados pola empresa recurrente Saba , segundo os cales as prazas ofertadas pola empresa Empark serían 47,38 non son correctos, xa que a empresa oferta un incremento de porcentaxe de prazas reservadas a residentes dun 15% “conforme á redacción do apartado 2,4 dos criterios evaluables mediante formula ou índice” o que sumado ó 20 % obrigatorio, supón un 35% de prazas reservadas a residentes do total de prazas totais do aparcamento”.

En opinión da informante, procede solicitar do Tribunal, á vista do exposto o primeiro motivo de impugnación do recurso.

- VII-

Da suposta modificación polo Concello de un dos criterios de adxudicación, o previsto na cláusula 16.2.2.4 do PCAP

A alegación segunda do recurso versa sobre a suposta modificación polo Concello de un dos criterios de adxudicación, o previsto na cláusula 16.2.2.4 do PCAP, consecuencia da admisión das aclaracións de EMPARK e da UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA. Sobre esta cuestión, o citado informe técnico da xefa de transportes manifesta que:

“Alega que o Concello aceptou unha aclaración que altera a oferta de Empark a cal na súa proposición económica sinalaba un 15 % , e o Concello cambia a cifra por un 69,9% partindo dos datos do PEF , co cal altera de feito o criterio de valoración en relación co apartado 2.2.4. da cláusula 16.

INFORME TÉCNICO DO SERVIZO:

Como xa se fixo constar no informe emitido por este servizo en data 24 de febreiro de 2016 e dirixido á Mesa de Contratación, as ofertas no apartado 2.2.4 da cláusula 16 non eran homoxéneas, considerándose que os licitadores partiron de bases diferentes para efectua-las súas ofertas.

A forma de realiza-la oferta neste apartado esta incluída no Anexo II modelo de proposición económica apartado 7 o licitador debe indicar : “Propon ___% porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total de un ___% das prazas do aparcamento reservadas a residentes.” Mientres que no apartado 2.4, sobre os criterios evaluables mediante fórmula ou índice, se indica que se valorará “o incremento de porcentaxe de prazas reservadas a residentes”.

No Anexo II se dí porcentaxe de incremento de prazas reservadas para residentes e no apartado 2.4 se recolle incremento de porcentaxe de prazas reservadas a residentes. Polo que uns licitadores ofertaron a porcentaxe de incremento das prazas reservadas a residentes e outros han ofertado o incremento de porcentaxe de prazas reservadas a residentes, considerando que ambas formulas de oferta son correctas; non obstante para poder valora-las distintas ofertas neste criterio dunha forma obxectiva, era necesario homoxeneiza-las porcentaxes optándose pola porcentaxe de incremento das prazas reservadas a residentes en tódalas ofertas sen que en ningún caso supoña modificación da oferta formulada.

Polo exposto se transformou o incremento de porcentaxe do 15% na porcentaxe de incremento sobre as prazas mínimas de residentes fixadas nos pregos (41,2 prazas) dando como resultado de porcentaxe de incremento un 69,90%, (equivalente ó 15% engadido ó 20% que oferta o licitador) resultando, tal e como dí, un 35% das prazas do aparcamento reservadas a residentes, é dicir, 64 prazas de automóbiles (35% do total de prazas de automóbiles) 6 prazas de motos (35% do total de prazas de motos)e un total de 70 prazas reservadas a residentes (35% do total do número total de prazas do aparcamento).

E o mesmo un 15% de incremento da porcentaxe que un 69,90 % da porcentaxe de incremento .

$20\% \text{ inicial} + 15\% = 35\% \text{ sobre } 200 \text{ prazas} = 70 \text{ prazas incremento de porcentaxe}$

$41,2 \text{ prazas inicial} + 69,90 \% = 70 \text{ prazas porcentaxe de incremento}$

Do exposto se pode comprobar que nin se alterou a oferta de Empark nin se modificou o criterio de valoración establecido na cláusula 16.2.2.4 do PCAP”.

Podemos concluir que procede solicitar do Tribunal a desestimación do motivo segundo do escrito de recurso.

- VIII-

Sobre a suposta ilegalidade da admisión da oferta de EMPARK

Considera o recurrente, no motivo terceiro, que a admisión da oferta de EMPARK vulnera o disposto no PCAP, na lei e os principios que rexen a contratación pública, consecuencia da

interpretación inexacta da RTACRC de 21-10-2016. Sobre esta cuestión se di no informe técnico da xefa do servizo de transportes o seguinte:

“Alega o seguinte :

O Concello de Vigo concedeu a Empark cero puntos no apartado relativo a abonos mensuais para automóbiles por considerar que a distinción que establecía entre residentes e non residentes non era conforme co PCAP por discriminatorias.

O tribunal declarou que o Concello non podía conceder cero puntos para o caso que entendise que a oferta non foi acorde co PCAP senon que neste caso debeu inadmiti-la oferta.

Na resolución non se prexulgou a validez da oferta de Empark e o procedente sería que o Concello tivese valorado novamente a oferta comprobando a súa adecuación ó PCAP e motivando a súa decisión ó respecto.

Considera que a oferta de Empark non é correcta neste punto, toda vez que Empark non detallou no PEF os abonos de residentes e non residentes previstos o que é contrario ó PCAP.

Manifesta que no primeiro informe de criterios obxectivos recoñece que o PEF non cumpre co previsto na cláusula 14 do PCAP.

INFORME TÉCNICO DO SERVIZO:

En relación coa alegación formulada polo recurrente relativa ós erros do Concello á hora de aplica-la Resolución do Tribunal administrativo central de recursos contractuais de data 21 de outubro de 2016, se procede a examina-lo contido da resolución, como xa se fixo no seu día con anterioridade á emisión do informe de data 15 de novembro de 2016:

“Estima-lo recurso interposto por D. Antonio Jimenez Torre , actuando en nome da mercantil Empark Aparcamientos y Servicios S.A contra o acordo de 15 de xullo de 2016 da Xunta de Goberno do Concello de Vigo polo que se adxudica a concesión de servizo público do aparcamento situado na praza de Portugal a Saba Aparcamientos S.A. debendo anularse a adxudicación realizada e retrotraerse o procedemento para realizar novo examen e valoración do sobre C”.

O Concello cumpríu íntegramente o disposto na Resolución, anulando a adxudicación efectuada a Saba e emitindo nova valoración axustándose estrictamente ó contido do PCAP.

En relación coa consideración do recurrente relativa á exclusión da empresa Empark se informa que as causas de exclusión da licitación, de proposicións presentadas se regula no PCAP nas cláusulas 14 e 18. 2 sen que a oferta presentada pola empresa EMPARK se atope en ningún dos casos previstos nas citadas cláusulas.

En relación co apartado obxecto de controversia polo que consideran que a oferta formulada por Empark en relación cos abonos de non residentes non é correcta por non terse detallado os mesmos no PEF, a empresa foi requerida pola Mesa de Contratación para que no prazo de 3 días informe en qué páxina do plan económico fi-

nanceiro e con que número se preven o número de abonos de non residentes que haberá no aparcamento.

A empresa requerida dentro do prazo conferido ó efecto presenta a seguinte aclaración en relación con este apartado:

En relación co punto 2.3. di que nas páxinas nº 19 e nº 20 do sobre C “proposición evaluable mediante fórmula “se recolle a estimación de abonos totais de vehículos tanto de residentes como de non residentes concretando únicamente o reparto entre tipoloxía de abono diurno, nocturno ou 24 horas, e detallan que os abonos previstos son os seguintes :

abonos para residentes nocturnos	49
abonos para residentes 24 horas	15
abonos diurnos xerais	10
abonos 24 horas xeraos	5

aplicando as tarifas ofertadas ós abonos resulta coincidente coa estimación de recaudación prevista 57.045,82 €.

Engaden que se contemplou a implantación de ambos tipos de abonos conforme a demanda que os estudos de campo detectaron.

Na xustificación presentada en relación á solicitude de aclaración sobre o nº de abonados non residentes previstos na súa oferta, indica que na oferta presentada non aporta o detalle concreto, xa que non estaba especificamente esixido nos pregos, pero que dito dato forma parte do arquivo do cálculo da proxección económica, do cal indica nesta aclaración que en relación ós abonos xerais –non residentes- a súa estimación é de 10 abonos diurnos e 5 abonos de 24 horas.

Comprobada a aplicación dos prezos ofertados ós abonos descritos pola empresa se comproba que a cantidade resultante é 57.045,82 € cantidade que sí figura no PEF.

Examinado o contido da aclaración se comproba que a empresa contempla na súa oferta 10 abonos diurnos e 5 abonos de 24 horas para non residentes aínda que os mesmos non figuran desglosados no PEF onde se describen os abonos de forma xerénica sen separar residentes de non residentes :

Estimación nº de abonos nocturnos: 10

Estimación nº de abonos nocturnos: 49

Estimación nº de abonos 24 horas: 20

Recadación de abonos: 57.045,82 €

Comprobado o desglose do número de abonos realizado pola empresa na aclaración presentada e a aplicación dos prezos ofertados ós abonos se comproba que a cantidade resultante é 57.045,82€, cantidade que si figura no PEF polo que se considera xustificada a previsión destes abonos.

Asimesmo desta aclaración tamen se comproba a veracidade da aclaración sobre o número de abonos previstos para residentes: 64, número coincidente cos abonos ofertados e obxecto de controversia no presente recurso e dos cales informouse no motivo número 1.

Do exposto se conclúe que a oferta de Empark é correcta neste apartado posto que coa aclaración presentada demostra que si se contemplaron no PEF abonos de non residentes”.

A vista do exposto, a informante considera que procede solicitar do Tribunal a desestimación do motivo de alegación terceiro do recurso de SABA.

- IX-

Dos prezos dos abonos de non residentes

En opinión do recurrente, os prezos dos abonos de non residentes fixados na oferta do adxudicatario son desproporcionados, non responden á lóxica de mercado e son contrarios ós artigos 2 e 87 do TRLCSP. Así o manifesta no motivo cuarto do seu recurso.

Os órganos de contratación teñen o deber de fixar para os contratos que pretendan licitar un prezo que sexa axeitado para o efectivo cumprimento do mesmo, atendendo ó prezo xeral de mercado (artigo 87 do TRLCSP). Si como criterio de adxudicación se fixa a redución do mesmo, a lei arbitra un mecanismo para evitar que as ofertas dos licitadores se alexen deste prezo de mercado, o cal pode ocasionar problemas de cara á correcta execución do contrato, ou pode poñer en perigo a mesma por ser inviable a execución co prezo ofertado. Non obstante, deixa en mans dos órganos de contratación a elección de incluír, ou non, nos pregos, regras para determinar cando as ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados que podan implicar un risco para a correcta execución do contrato. Pero no contrato que nos ocupa, o prezo que en opinión do recurrente é desproporcionado e non axustado ó mercado, non é o do contrato, senon o dos abonos de non residentes. O que estes prezos sexan baixos redunda en que recaudará un menor volume de ingresos, o que podería afectar á viabilidade da concesión, se non fosen suficientes para cubri-los custes de explotación. Sen embargo, hai que ter en conta que na cláusula 2 do PPT se fixaba o mínimo de prazas do aparcamento en 179. Se temos en conta que o licitador a oferta do cal foi recurrida só ofertou 10 abonos desta clase, que implica un 1.79% das prazas, podemos concluir que o que estes prezos sexan anormalmente baixos non terá incidencia na explotación do aparcamento. En consecuencia, non se pode apreciar vulneración do artigo 87 do TRLCSP.

Sobre esta cuestión manifesta a xefa do servizo de Transportes, no seu informe de 23 de marzo de 2017 que:

“Si ten razón o recurrente en canto a que o prezo dos abonos de non residentes non parece responder a unha lóxica de mercado e así se fixo constar no informe emitido por este servizo en data 18 de abril de 2016.

En relación con este punto debe terse en conta o sinalado polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na súa resolución de 21 de outubro de 2016 :

“ o propio órgano de contratación utiliza o criterio de residencia – parece ser que para favorecerlos, vid. 14 puntos para os abonos mensuais dos residentes fronte ós 10 para abonos mensuais xeraos, así como 8 puntos para o aumento de abonos de residentes- para elabora-los índices da puntuación mediante fórmula, polo que non se

pode agora dicir que o considera discriminatorio, nin siquiera cando segundo a súa opinión discrimine favorablemente ós non residentes, porque tal extremo tiña que telo previsto ns pregos mediante a adecuada ponderación da puntuación”

Non está previsto no prego limitación en relación co prezo ou o numero de abonos de non residentes , polo cal non se esixe.

Non obstante considerando o escaso número de abonos de non residentes oferta-dos polas empresas licitadoras en xeral:

A empresa a adxudicación da cal se recurre ofertou 10 abonos nocturnos e 5 abonos de 24 horas.

A empresa recorrente ofertou 15 abonos de 24 horas e 7 abonos nocturnos.

As empresas licitadoras han considerado que a demanda deste tipo de abonos será mínima, polo que a incidencia do prezo dos abonos xerais será mínima no funciona-mento global do aparcamento así como no efectivo cumprimento do contrato.”

En conclusión, a xuízo da informante, procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación cuarta do recurso que nos ocupa.

- X-

Da suposta arbitrariedade na valoración da oferta do recorrente

Na alegación quinta se afirma que a valoración da oferta do recorrente se ha efectuado de forma arbitraria e falta de motivación, que incurre en erros, e, en consecuencia, vulnera os principios que rexen a contratación pública, os artigos 9.3 e 24 CE e o artigo 35.1 da LPAC.

Dado que na presente alegación se discute o contido dun informe que valora criterios de ad-xudicación valorables mediante xuízo de valor, é preciso aclarar que á hora de valorar cues-tións técnicas os funcionarios disfrutan dun certo nivel de **discrecionalidade técnica**, sem-pre e cando respeten os principios de legalidade, imparcialidade e interdicción da arbitrarie-dade que debe rexer su actuación administrativa por imperativo do artigo 103 da Constitu-ción española. E os actos non regulados, nos que a Administración, e en consecuencia, os seus funcionarios, exercen potestades discretionais, como ocorre cos citados informes téc-nicos deben ter como obxectivo último satisfacerlo interese xeral. Este criterio responde a unha xurisprudencia consolidada, recollida tamén na doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Nesta liña, o TACRC admite este criterio, na Resolución nº 42/2011, dictada no Recurso nº 27/2011 ó dicir que “A Administración dispón dun certo nivel de discrecionalidade na apreciación das cuestións de carácter técnico que non son controlables dende o punto de vista xurídico. Iso non significa que nos temas de ca-rácter técnico a Administración poda aprecialos libremente, pero sí que o control de legalida-de non pode ir máis alá de determinar sí na apreciación e valoración de tales extremos ac-tuouse sen discriminación entre os licitadores de tal forma que os criterios de valoración apli-cados a uns no tiñan sido diferentes dos aplicados a outros, que non se incurriera en erro pa-tente na apreciación das características técnicas valoradas e que, finalmente, non se tiña producido ningunha infracción legal no cumprimento dos requisitos e trámites do procedemento de valoración. Este criterio, por outra parte, responde a unha Xurisprudencia sobrada-

mente reiterada e consolidada. Ou na resolución 42/2013 “Neste sentido debe apuntarse que, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo, e como tivo ocasión este Tribunal en distintas Resolucións de sinalar, só naqueles casos en que a valoración efectuada pola Mesa de contratación deriva do erro, a arbitrariedade ou o defecto procedimental cabería entrar na súa revisión, sen que se trate, á hora de apreciar-la posible existencia de erro na valoración, de realizar unha análise profunda das argumentacións técnicas aducidas polas partes senon máis exactamente e tal como a xurisprudencia puxo de manifesto, de valorar sí na aplicación do criterio de adxudicación se ha producido un erro material ou de feito que resulte patente de tal forma que poida ser apreciado sen necesidade de efectuar razonamentos complexos” (Resolución deste Tribunal núm.93/2012).

Como se pode apreciar trala lectura e examen do escrito de recurso, o licitador, veladamente, parece acusar tanto á Mesa de Contratación do Concello de Vigo, como ós funcionarios ós que ésta lle encomendou a realización de informes de valoración de criterios de adxudicación (en virtude do disposto nos artigos 151.1 do TRLCSP e 22.i do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desarrolla parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público), de realizar conductas ilícitas. Non obstante, estas insinuacións non se apoyan en argumentos técnicos dos que se deduzca que os citados órganos e funcionarios hayan padecido erro nas valoracións, ou non tiña respectado os procedementos fixados na lexislación aplicable, e menos ainda que foran arbitrarios ou inxustos á hora de realiza-las valoracións, discriminando a uns licitadores en beneficio de outros, e conculcando así un dos principios básicos que rexen a contratación pública e pilar básico da mesma, o de igualdade entre os licitadores (artigo 1 do TRLCSP). Como se pode apreciar, ol escrito de recurso non demostra ningunha destas circunstancias. Si efectivamente concorreran, o lóxico sería que as tivese posto de manifesto no momento en que tivo coñecemento do informe de valoración. Este foi publicado no perfil do contratante do Concello o 11/12/2015 ás 10:12, segundo o selado automático de tempo do mesmo. E dicir, hai 1 ano e 4 meses. E non debemos olvidar que o órgano de contratación acordou adxudicar este procedemento ó agora recurrente, adxudicación que foi anulada pola Resolución 860/2016 do TACRC.

Respecto á valoración do Sobre B, o informe citado da xefa de Transportes recolle a su vez un informe do enxeñeiro municipal de Edificación, que manifesta sobre esta cuestión que:

“No apartado sexto das alegacións:pax 12 a 17 se pon en consideración que existen puntuacións outorgadas ó recurrente que estima inexplicablemente baixas si se comparan coas puntuacións obtidas por outros licitadores.

No apartado A, que sinala nas alegacións manifesta que non se tiveron en conta os 13 puntos de mellora que propon; en ningún momento se pon en dúbida tal situación, se non que a redución se plantexa, porque na propossta consta un desarrollo pouco detallado con respecto ós outros participantes tendo en conta que a proposta presentada é xenérica, para calquera tipo de aparcamento e non a adecuación propia do proxecto que ten que valorarse, tendo en conta que os puntos ós que fai referencia son meras declaracións de intencións, polo que se considera que a adecuación do 30% é correcta, e o otro 15% a maiores de deducción se efectúa a tódolos participantes.

No apartado B, das alegacións, que se corresponde coa proposta de distribución e dimensionado de espazos, con respecto ós previstos efectúa unha comparación coa oferta de Empark indicando que presenta o mesmo detalle que esta última oferta.

Entendo que estes dous ofertantes incluído o solicitante teñen unha dedución do 30%, outro unha dedución do 15%, e outro non ten dedución, entendo o que suscribe que o desenvolvemento efectuado ten unha considerable diferenza entre eles en canto a explicación gráfica..etc.

Considero que é axeitada a valoración efectuada, xa que a valoración que sinala que é superior ó ofertante con máis puntuación neste aspecto é unha afirmación de parte e non é obxectiva.

En canto ó apartado C, se indica que existe un “notorio erro”, no informe: si existe un erro no apartado de redacción xa que se considera a redución dun 30%, por non existir un desenvolvemento detallado, e ademais se deduce outro 15% por falta de desenvolvemento deste subapartado, se ben se sinala que a puntuación neste apartado é de 1,05, debe de terse en conta que as reducións de un 30% e un 15%, outorgan unha puntuación para este apartado de 0,825 puntos que é o que se tivo en consideración no recuento de puntuación como así consta no cadro de puntuación parcial.

Neeste apartado o solicitante volve a basarse esquemáticamente nas medidas propostas, non existindo un desenvolvemento detallado e tamén existe unha dedución por subcapítulo non ten en consideración que o que tivo a maior puntuación non é o mesmo que no apartado anterior e si que tivo a mesma consideración que a empresa que menciona no apartado anterior.

Polo xeral salvo no aspecto das propostas en relación co uso de elementos de baixo consumo, que reduzan emisións contaminantes, o que suscribe considera que o desenvolvemento da proposta presentada esta pouco detallado con respecto ó resto dos ofertantes, nos demais apartados entendo que a proposta presentada polo aquí solicitante está en concordancia de redución, con outras propostas. Xa que o que ten en conta fundamentalmente é que aparte das medidas que propoña, que esten totalmente definidas tanto nos aspectos gráficos como descritivos, para o suposto específico obxecto de valoración, a proposta é moi xeneralista.

Estimando desde o meu punto de vista que o informe de xuízo de valor que se emitíu no seu momento, segundo o meu coñecemento trata de se-lo máis imparcial posible e o máis respetuoso posible cara ós ofertantes e axustado ás cláusulas dos pregos de condicións. Considerando que o cómputo final de puntuación neste apartado é o máis imparcial mantendo e ratificando o informe anterior.”

A vista do exposto neste fundamento xurídico, en opinión da que suscribe, procede desestimar a alegación quinta do escrito de recurso.

-XI-

Conclusiones

A vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da que suscribe procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso, pois, tal e como se manifestou no fundamento xurídico IV, e sen prexuízo do seu ulterior examen polo Tribunal, o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei para a súa admisión.

Con respecto ó fondo do recurso, unha vez analizados, nos fundamentos xurídicos VI a X deste informe, os motivos alegados polo recurrente para a impugnación do acordo da XGL de 23 de febreiro de 2017, de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da

concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal, procede solicitar do Tribunal a desestimación das alegacións formuladas por SABA no seu escrito de recurso.

-XII-

Medidas cautelares

Solicita o recurrente, en otrosí do recurso especial, que se imponha a medida cautelar de suspensión do procedemento. Dado que esta medida é de obrigada adopción polo tribunal en caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento, esta Administración nada ten que obxectar ó respecto.

-XIII-

Acordo

En mérito ó exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aproba-lo presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(249).- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DE GRAN VÍA (ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA).EXPTE. 4467/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) aprobou o expediente de contratación relativo ao procedemento aberto de servizos de

redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran via- entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, xunto que inclúe os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o mesmo.

Segundo.- En data 24 de marzo de 2017, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, nunha dilixencia remitida ao servizo de Contratación, pon de manifesto a existencia dun erro material nunha das fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento. En concreto, no apartado d é preciso substituír o número 52 polo 49.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro material na fórmula prevista no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, resultando preciso substituír o número 52 polo 49.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar a fórmula prevista no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran via- entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, substituíndo o número 52 polo 49. A redacción do citado apartado sería:

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0 \leq Bi \leq 0,55Be$:

$$Pe = 49 * \left(\frac{Bi}{0.55 * Be} \right) \text{ ”.}$$

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(250).- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS ARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA. EXPTE. 4468/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) aprobou o expediente de contratación relativo ao procedemento aberto de servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, xunto que inclúe os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o mesmo.

Segundo.- En data 24 de marzo de 2017, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, nunha dilixencia remitida ao servizo de Contratación, pon de manifesto a existencia dun erro material nunha das fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento. En concreto, no apartado d é preciso substituír o número 52 polo 49.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro material na fórmula prevista no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, resultando preciso substituír o número 52 polo 49.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar a fórmula prevista no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, substituíndo o número 52 polo 49. A redacción do citado apartado sería:

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0 \leq Bi \leq 0,55Be$:

$$Pe = 49 * \left(\frac{Bi}{0.55 * Be} \right) "$$

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(251).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN DA CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, DE DATA 21 DE FEBREIRO DE 2017, ADOITADA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR IN 635 C 2016/41-4. EXPTE. 34978/444.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo letrado da Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1º.- Con data do 27 de febreiro pasado, notificouse a esta Administración municipal a resolución do expediente sancionador nº IN 635 C-2016/41-4, sobre incumprimento por este Concello de Vigo das esixencias regulamentarias en materia de seguridade das instalacións eléctricas de alumeadado público do termo municipal de Vigo.

Na dita resolución sanciónase ao Concello de Vigo cunha multa de 45.000 €, como responsable da comisión dunha infracción administrativa grave tipificada nos artigos 33.3.p) e m) do Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de política industrial.

Que analizada a dita resolución e aos efectos de decidir sobre a impugnación ou non da mesma realizar as seguintes

CONSIDERACIÓNS

1º.- As alegacións formuladas polo Concello de Vigo no trámite de audiencia do expediente sancionador.

— Alegouse, en primeiro termo, por esta Administración municipal que o mantemento e conservación das instalacións municipais, necesarias para a prestación do servizo, xestiónase por este Concello de Vigo a través dun contrato de xestión de servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumeadado público do Concello de Vigo; que o contrato que rexía a prestación deste servizo de mantemento e conservación das instalacións da iluminación pública de Vigo no momento á que a proposta de resolución se refire era o asinado con data 20 de abril de 2006 con IMESAPI, S.A., cunha duración de oito anos, contados a partires do 1 de maio de 2006, prorrogable anualmente por dous anos máis; e que o prego de prescricións técnicas do contrato atribuíu á adxudicataria do contrato, IMESAPI, S.A., amais do mantemento preventivo e correctivo das instalacións do alumeadado público, o mantemento técnico legal; mantemento técnico legal que se definía no prego de prescricións técnicas do contrato como o mantemento que esixe a

Regulamentación Legal vixente de obrigado cumprimento para cada tipo de instalación, que se inclúe dentro do Mantemento Preventivo.

O prego de prescricións técnicas do contrato, respecto das obrigas que a adxudicataria habería de asumir en relación con este mantemento técnico legal precisaba que:

«A empresa adxudicataria tomará para si as responsabilidades legais que deriven da non adecuación das instalacións, a non realización das operacións de mantemento regulamentarias, e o mantemento dos valores correspondentes dentro dos límites esixidos polos Regulamentos.

A empresa adxudicataria realizará sobre aqueles equipos ou instalacións que o requiran, o mantemento técnico legal (defectos de illamento, resistencia do sistema de posta a terra, etc) segundo a lexislación en vigor ou que poidan promulgarse durante o período de vixencia do contrato, e o programa de mantemento aprobado, quedando obrigada neste último caso a emitir un informe urxente das modificacións necesarias a realizar en prazos legais para adecuar as instalacións á normativa.

Os gastos vinculados ás actualizacións das instalacións, adaptándoas aos cambios de lexislación que eventualmente teñan lugar durante o período de vixencia do contrato, correrán a cargo da empresa adxudicataria, de conformidade cos expedientes técnico-económicos correspondentes.

A empresa adxudicataria tomará para si as responsabilidades legais que deriven da non adecuación das instalacións, a non realización das operacións de mantemento regulamentarias, e o mantemento dos valores correspondentes dentro dos límites esixidos polos Regulamentos».

— En segundo lugar, aducíase que estaríamos ante unha infracción continuada, definida nos artigos 4.6 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, e 29.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público, de acordo cos cales «Será sancionable, como infracción continuada, la realización de una pluralidad de acciones u omisiones que infrinjan el mismo o semejantes preceptos administrativos, en ejecución de un plan preconcebido o aprovechando idéntica ocasión».

E que, como infracción continuada —e daquela única— que é, dicíamos que habería de aplicárselle a norma sancionadora máis favorable das que estiveron en vigor durante o período de tempo no tivo lugar a infracción continuada.

Canto a norma máis favorable aducíamos que tíñase que aplicar a Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria, toda vez que o incumprimento da obriga de someter a inspección quinquenal por OCA ás instalacións do alumeadado municipal —establecida en 2002 polo Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, no seu artigo 21 e na ITC-BT-05— era na lei 21/2002, de Industria, unha infracción leve: a prevista no apartado 3.a) do artigo 31 da Lei 21/1992, de 16 de decembro —“a) El incumplimiento de cualquier otra prescripción reglamentaria no incluída en los apartados anteriores”—, salvo que a instalación se atopara nun deficiente estado que implicara perigo para persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente, caso no que tal infracción sería considerada como grave, en aplicación do artigo 31.2.i) da Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria, que tipifica como infracción grave: “La inadecuada conservación y mantenimiento de instalaciones si de ello puede resultar un peligro para las personas, la flora, la fauna, los bienes o el medio ambiente”.

Daquela, o incumprimento de pasar a inspección quinquenal por OCA das instalacións de alumado municipal ten de ser considerada como infracción leve—porque así o era ata o Decreto Lexislativo 1/2015— salvo que as instalacións se atoparan nun deficiente estado que implicara perigo para persoas, a flora, a fauna.

E, canto a este último extremo —o perigo para as persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente—, alegábase que as instalacións do alumado municipal de Vigo non se atopaban **nin se mantiveron nunca** nun estado que implicara tales riscos para as persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente, pois os casos que puideran implicar estes riscos foron corrixidos inmediatamente por IMESAPI, S.A., por orden do Concello, unha vez coñecidos estes por esta Administración municipal, trala comunicación desta situación pola prestadora do servizo, IMESAPI, S.A., a quen competía o mantemento preventivo das instalacións e a vixilancia permanente da seguridade das instalacións.

A este respecto recordabamos o informe do Enxeñeiro Municipal, de 22 de novembro de 2016, sobre o estado de alumado público de Vigo en relación coas inspeccións por OCA —remitido en trámite de proba a esa Administración Autónoma—, o cal, unha vez solicitada e obtida a información pertinente e practicadas as actuacións oportunas, informa que as instalacións de alumado público de Vigo contan ao día da data do informe —no que a seguridade das persoas se refire— cos elementos de protección eléctrica que determina o RD 2413/1973 e o RD 842/2002, de 2 de agosto, en especial coas proteccións contra contactos indirectos mediante interruptor diferencial. E, non so isto, senón que no mesmo informe precisa que en datas pasadas oficiouse desde esa Xefatura á empresa adjudicataria do contrato de mantemento do alumado público para que revise puntualmente todas e cada unha das proteccións eléctricas, verificando o seu correcto funcionamento.

Igualmente faciamos referencia ao informe do mesmo enxeñeiro municipal, Xefe do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, de 19 de maio de 2016, ao que se facía referencia na proposta de resolución, en canto que no mesmo afirmase que «(...) Para el resto de las instalaciones no se dispone de informe OCA dado que **están todavía en proceso de adaptación a la norma**. Una de las adaptaciones a la norma más importante que requieren casi todas ellas es la **sustitución de luminarias de vapor de mercurio**. Estas luminarias se van a substituir con el nuevo contrato, tal como se recoge en el PPTP por otras de tecnología LED. **En ese momento la mayoría de las instalaciones que actualmente carecen de informe OCA (favorable), podrán tenerlo**».

Insistimos nas nosas alegacións que era fundamentalmente esta recente restrición á utilización das lámpadas de vapor de mercurio e a necesidade da súa substitución por outras autorizadas, e non un defecto nas instalacións a comprobar que entrañase risco para as persoas, o que demorou a realización das preceptivas comprobacións nas instalacións que restan aínda por facer, e que en calquera caso a demora nestas comprobacións por OCA en ningún caso implicou perigo para as persoas que puidera xustificar a consideración da mesma como constitutiva dunha infracción grave do artigo artigo 31.2.i) da Lei de Industria.

En definitiva, alegábase que se ben é certo que restan por realizar unha parte importante de comprobacións por OCA das instalacións municipal —na actualidade xa moitísimas menos—, os defectos que impedían superar a comprobación nestas instalacións non entrañaban risco para persoas, bens, a fauna, a flora, ou o medio ambiente polo que a infracción a sancionar, como continuada e única, sería unha infracción leve, pois cando algunha

deficiencia desta natureza foi coñecida polo Concello de Vigo de acordo coas instrucións oportunas a IMESAPI, S.A. para que a mesma fora inmediatamente subsanada.

— Por último, manifestou esta Administración a súa disconformidade coa gradación da sanción en función dun beneficio para o Concello de Vigo de 1.383.649 euros, porque trátase dunha infracción leve e porque en ningún caso esta cantidade sería a que o Concello habería deixado de gastar para subsanar deficiencias que entrañasen perigo para persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, senón principalmente para cambiar as lámpadas de vapor de mercurio e subsanar outras deficiencias que non implicaban os ditos riscos.

Canto ás específicas deficiencias graves que detallaba a proposta de resolución —carencias de diferencial e ausencia de postas a terra nos catro centros de mando que cita (rúa Gabarras 32 CM 231 Beade, rúa Cabada 2 Beade, rúa Castañal 18 CM 226, camino Facho 28 CM 232, Centro de mando 235 camino Lambeiro, rúa Cruz 32 Bembrive, estrada San Cibrán 14 CM 271, rúa Becerreira 200 Cabral)— amais de alegar esta Administración municipal que as ditas deficiencias foran inmediatamente arranxadas unha vez coñecidas, sinalábase que o custe do seu arranxo foi moi inferior aos cinco mil euros e, canto ao centro 118 Eugenio Arbones e a caída de tensión no parque infantil maior a permitida, que, sobre ser unha deficiencia que non entraña risco para persoas, o custe da súa reparación foi o da substitución das conducións eléctricas por outras de dimensións adecuadas.

2º.- A contestación da Consellería de Economía, Emprego e Industria ás alegacións municipais.

A resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria do expediente sancionador, rexeita as alegacións municipais e impón ao Concello de Vigo a sanción proposta pola instrutora do procedemento na proposta de resolución.

Cumple recoller aquí, no que ao recurso interesa, as afirmacións que preceden á xustificación do rexeitamento das alegacións municipais.

Así, dise na resolución:

— Que o expediente se tramita seguindo o procedemento establecido no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora; se ben se lle aplica os preceptos que lle son favorables e recollidos nas Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

— Que da documentación presentada por IMESAPI, S.A., entre a que se atopan certificados de instalacións emitidos polo ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO SOCOTEC, queda constancia das deficientes circunstancias nas que se atopan as instalacións entre as que cabe destacar as carencias de diferencial e ausencia de postas a terra en varios centro de mando (rúa Gabarras 32 CM 231 Beade, rúa Cabada 2 Beade, rúa Castañal 18 CM 226, camino Facho 28 CM 232, Centro de mando 235 camino Lambeiro, rúa Cruz 32 Bembrive, estrada San Cibrán 14 CM 271, rúa Becerreira 200 Cabral]. No centro de mando 118 Eugenio Arbones, caída de tensión, parque infantil maior á permitida.

— Que queda probado que os defectos eran coñecidos polo Concello de Vigo, pois se ben os informes de IMESAPI SA non teñen rexistro de entrada no Concello, esta Administración está obrigada a coñecer o estado no que se atopan as súas instalacións, máximo cando se trata de defectos que poden ser perigosos para as persoas.

— Que queda constancia do aforro económico supuxo para o Concello, pois de acordó có informe de IMESAPI SA de 7 de xuílo de 2015 o custe das reparacións pendentes ascende a 1.383.649,14 €.

A continuación a resolución analiza as alegacións formuladas por esta Administración municipal e as rexeita en base ás consideracións que na mesma se consignan.

Así, canto a atribución da responsabilidade no mantemento das instalacións á empresa adxudicataria da conservación do alumeado público, a desestima porque «isto se contradi claramente cós certificados expedidos polo Xefe do Servizo Alvaro Crespo Casal dos anos 2006 ata 2015 ambos incluídos, nos que consta que a mercantil IMESAPI SA executa satisfactoriamente os traballos de mantemento anual do alumeado público».

Sobre que non cabe identificar a non realización das comprobacións do alumeado municipal coa non superación das mesmas, contéstase na resolución que «de acordó có establecido no Real Decreto 842/2002, de 2 de Agosto polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión; en concreto o apartado 4.2 da ITC BT 05, dispón que as instalacións de alumeado exterior con potencia instalada superior a 5 kW, precisan dunha inspección periódica cada cinco anos. Polo tanto incumpre este precepto tanto para as instalacións que non se someten ao control dunha OCA, como para as que se someten a dita inspección, non a superan e non se arranxan as deficiencias detectadas».

A alegación de que a infracción que se imputa non estaba tipificada como grave na Lei 21/92 de Industria, senón como leve, rexeitase —dise— porque:

«na citada lei esta infracción era grave no momento no que se inicia a comisión da infracción, se ben poderían ter encaixe ñas letras a), h) e i) do artigo 31.1; pero nunca tivo encaixe como infracción leve e menos tendo en conta a gravidade das carencias, o nº de puntos afectados así como o perigo para a persoas. A infracción está perfectamente tipificada no artigo 33.3.p) no Decreto Legislativo 1/2015 de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial como "manter en funcionamento instalacións sen superar favorablemente as inspeccións, revisións ou comprobacións establecidas na normativa específica"; e no artigo 31.2.p) da Lei 21/92, de Industria.

Se aplica o Decreto Legislativo 1/2015 porque é a norma aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto a prescrición da infracción, di o alegante que se trata dunha infracción continuada. De acordó có artigo 30 da lei 40/2015, de 1 de outubro, para o caso das infraccións continuadas o prazo de prescrición comezará a correr dende que finalizou a conduta infractora. No presente caso é evidente que a conduta infractora non finalizou pois a día de hoxe as instalacións de alumeado público, están sen pasar as revisións por OCA».

En fin, canto a que é certo que restan por realizar unha parte importante de comprobacións por OCA pero os defectos que teñen non son graves, contesta a resolución que «non pasar a revisión dunha OCA xa é unha infracción grave; pero ademáis os defectos detectados: carencias de diferencial e ausencia de postas a terra en varios centros de mando son graves. Non obstante, se non son graves as deficiencias poderían haber aportado en período de proba un certificado do Xefe de Servizo ou dun enxeñeiro industrial no que conste que os defectos detectados non son graves. Mesmo poderla haber comparecido nesta Consellería

o día 21 de novembro de 2016, cando a instrutora citou ao responsable de IMESAPI SA para a súa comparecencia».

CONSIDERACIÓNS DE FEITO E DE DEREITO

As contestacións dadas ás alegacións municipais na resolución que nos ocupa teñen de ser impugnadas polas razóns que deseguido se expresan:

I

En primeiro lugar e comenzando coas afirmación que preceden ao análise das alegacións municipais, porque sen prexuízo de agradecer a aplicación da norma procesual máis garantista para a inculpada, o que realmente importa no presente procedemento é a aplicación da norma sustantiva sancionadora máis favorable a esta administración municipal, o que non se produce na resolución de que tratamos.

II

Porque os certificados de instalacións emitidos polo ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO SOCOTEC, constatan as deficientes circunstancias nas que se atopaban moi concretas instalacións: carencias de diferencial e ausencia de postas a terra en varios centro de mando (rúa Gabarras 32 CM 231 Beade, rúa Cabada 2 Beade, rúa Castañal 18 CM 226, camino Facho 28 CM 232, Centro de mando 235 camino Lambeiro, rúa Cruz 32 Bembrive, estrada San Cibrán 14 CM 271, rúa Becerreira 200 Cabral) e no centro de mando 118 Eugenio Arbones, caída de tensión, parque infantil maior á permitida. Pero, é que tales deficiencias, na medida en que implicaban risco para persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, foron subsanadas por orde desta Administración municipal en canto esta tivo coñecemento delas: os certificados aludidos proban que tales deficiencias se produciron pero non que non foran subsanadas, e o feito é que si o foron.

III

Canto ao aforro económico, temos que insistir no xa dito: trátase dunha infracción leve e en ningún caso esta cantidade de 1.383.649 euros sería a que o Concello habería deixado de gastar para subsanar deficiencias que entrañasen perigo para persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, senón principalmente para cambiar as lámpadas de vapor de mercurio e subsanar outras deficiencias que non implicaban os ditos riscos.

IV

Canto a que o Real Decreto 842/2002, de 2 de Agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, dispón no seu apartado 4.2 da ITC BT 05, que as instalacións de alumado exterior con potencia instalada superior a 5 kW, precisan dunha inspección periódica cada cinco anos e que incúmrese este precepto tanto se as instalacións non se someten ao control dunha OCA, como se sometidas a dita inspección, non a superan e non se arranxan as deficiencias detectadas, nada temos que obxectar. Pero, aos efectos que aquí interesan, isto é a hora de determinar as consecuencias do dito incumprimento, si é distinto o feito de non pasar a inspección por OCA dunha determinada instalación e o feito de manter en funcionamento esta mesma instalación con deficiencias que impliquen risco para persoas, fauna, flora bens ou o medio ambiente.

V

Baixo a vixencia do réxime sancionador da Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria, o incumprimento da obriga de someter a inspección quinquenal por OCA ás instalacións do alumado municipal —establecida en 2002 polo Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, no seu artigo 21 e na ITC-BT-05— constituía unha infracción leve: a prevista no apartado 3.a)

do artigo 31 da Lei 21/1992, de 16 de decembro —“a) El incumplimiento de cualquier otra prescripción reglamentaria no incluída en los apartados anteriores”—, salvo que a instalación se atopara nun deficiente estado que implicara perigo para persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente, caso no que, de acordo co artigo 31.2.i) do mesmo texto, constituía unha infracción grave: “La inadecuada conservación y mantenimiento de instalaciones si de ello puede resultar un peligro para las personas, la flora, la fauna, los bienes o el medio ambiente”.

É coa entrada en vigor do réxime sancionador do Decreto Legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, cando o feito de non someter as instalacións de alumeadado a comprobación por OCA se tipifica como infracción grave.

VI

Non podemos compartir a afirmación que se contén na resolución que nos ocupa de que os feitos sancionados poderían ter encaixe nas letras a), h) e i) do artigo 31.1 da Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria.

O artigo 31 desta Lei dispón que:

«1. Son infracciones muy graves las tipificadas en el punto siguiente como infracciones graves, cuando de las mismas resulte un daño muy grave o se derive un peligro muy grave e inminente para las personas, la flora, la fauna, las cosas o el medio ambiente.

2. Son infracciones graves las siguientes:

a) La fabricación, importación, venta, transporte, instalación o utilización de productos, aparatos o elementos sujetos a seguridad industrial sin cumplir las normas reglamentarias, cuando comporte peligro o daño grave para personas, flora, fauna, cosas o el medio ambiente.

b) La puesta en funcionamiento de instalaciones careciendo de la correspondiente autorización, cuando ésta sea preceptiva de acuerdo con la correspondiente disposición legal o reglamentaria.

c) La ocultación o alteración dolosa de los datos a que se refieren los artículos 22 y 23 de esta Ley, así como la resistencia o reiterada demora en proporcionarlos siempre que éstas no se justifiquen debidamente.

d) La resistencia de los titulares de actividades e instalaciones industriales en permitir el acceso o facilitar la información requerida por las Administraciones Públicas, cuando hubiese obligación legal o reglamentaria de atender tal petición de acceso o información.

e) La expedición de certificados o informes cuyo contenido no se ajuste a la realidad de los hechos.

f) Las inspecciones, ensayos o pruebas efectuadas por los Organismos de Control de forma incompleta o con resultados inexactos por una insuficiente constatación de los hechos o por la deficiente aplicación de normas técnicas.

g) La acreditación de Organismos de Control por parte de las Entidades de Acreditación cuando se efectúe sin verificar totalmente las condiciones y requisitos técnicos

exigidos para el funcionamiento de aquéllos o mediante valoración técnicamente inadecuada.

h) El incumplimiento de las prescripciones dictadas por la autoridad competente en cuestiones de seguridad relacionadas con esta Ley y con las normas que la desarrollen.

i) La inadecuada conservación y mantenimiento de instalaciones si de ello puede resultar un peligro para las personas, la flora, la fauna, los bienes o el medio ambiente.

j) La aplicación de las ayudas y subvenciones públicas a fines distintos de los determinados en su concesión, así como no efectuar su reintegro cuando así se hubiera establecido.

3. Son infracciones leves las siguientes:

a) El incumplimiento de cualquier otra prescripción reglamentaria no incluida en los apartados anteriores.

(...)

Os apartados a) e i) do núm. 2 do artigo transcrito serían aplicables ás condutas sancionadas se as instalacións de alumado público do termo municipal de Vigo se houberan mantido en funcionamento con deficiencias que implicasen risco para persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, que, como sostemos, non foi así.

O apartado h) do precepto —O incumprimento das prescricións ditadas pola autoridade competente en cuestións de seguridade relacionadas con esta Lei e coas normas que a desenvolven— non é aplicable ao caso pois non estamos en presenza dunha prescrición dictada pola autoridade competente, senón ante un incumprimento dunha prescrición regulamentaria, que se sanciona como infracción leve no apartado 3. a) do mesmo precepto, cando non estea incluída no número anterior.

VII

Canto a que as instalacións do alumado público municipal que non pasaran as preceptivas comprobacións por OCA non entrañaban perigo para as persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, cumpre remitirnos ao informe do Xefe do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético que figura transcrito na resolución e ao emitido por este mesmo funcionario, achegado no trámite de audiencia do expediente sancionador, de 22 de novembro de 2016, sobre o estado de alumado público de Vigo en relación coas inspeccións por OCA, o cal informa que as instalacións de alumado público de Vigo contan ao día da data do informe —no que a seguridade das persoas se refire— cos elementos de protección eléctrica que determina o RD 2413/1973 e o RD 842/2002, de 2 de agosto, en especial coas proteccións contra contactos indirectos mediante interruptor diferencial. E, non so isto, senón que no mesmo informe precisa que en datas pasadas oficiouse desde esa Xefatura á empresa adxudicataria do contrato de mantemento do alumado público para que revise puntualmente todas e cada unha das proteccións eléctricas, verificando o seu correcto funcionamento.

E cumpre facer referencia, tamén aquí, ao informe emitido polos enxeñeiros municipais, que se achega, do que resulta non xa o importante número de inspeccións por OCA realizadas

das instalacións municipais de alumado público, senón —e sobre todo— que en ningunha das instalacións sometidas a comprobación por OCA detectouse deficiencia que entrañase risco para a seguridade de persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, porque de feito ningúnha das instalacións xa inspeccionadas tivo que ser posta fora de funcionamento por implicar os repetidos riscos.

Por último, no que a esta cuestión toca, e segundo vai xa dito, as deficiencias a que se refiren os certificados de instalacións emitidos polo ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO SOCOTEC —que constatan deficiencias graves en moi concretas instalacións: carencias de diferencial e ausencia de postas a terra en varios centro de mando (rúa Gabarras 32 CM 231 Beade, rúa Cabada 2 Beade, rúa Castañal 18 CM 226, camino Facho 28 CM 232, Centro de mando 235 camino Lambeiro, rúa Cruz 32 Bembrive, estrada San Cibrán 14 CM 271, rúa Becerreira 200 Cabral) e no centro de mando 118 Eugenio Arbones, caída de tensión, parque infantil maior á permitida— foron subsanadas por orde desta Admnsitración municipal en canto esta tivo coñecemento delas: os certificados aludidos proban que tales deficiencias se produciron pero non que non foran subsanadas e o feito é que si o foron. Cómpre insistir outra vez en que a conduta sancionable é manter en funcionamento instalacións de alumado público en deficiente estado, sen subsanar a deficiencia, cando este funcionamento implique risco para persoas, fauna, flora, bens ou o medio ambiente, e non que este tipo de deficiencias xurdan se as mesmas se subsanan.

VIII

Para finalizar, cómpre alegar que estamos ante unha infracción continuada, e daquela única, de acordo co disposto nos artigos 4.6 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, e 29.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público, conforme aos cales «Será sancionable, como infracción continuada, la realización de una pluralidad de acciones u omisiones que infrinjan el mismo o semejantes preceptos administrativos, en ejecución de un plan preconcebido o aprovechando idéntica ocasión».

E que a consecuencia que se deriva deste feito, aos efectos da impugnación da resolución, non é soamente o inicio da prescrición da infracción a partir do momento en que finaliza a conduta infractora, como se di na resolución, senón a necesidade de aplicar a norma máis favorable das vixentes no tempo no que a infracción continuada se desenvolveu. Neste caso, e por todo o exposto, a Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria

IX

En calquera caso as alegacións que preceden, de non estimarse, deberían determinar unha redución substancial da sanción imposta na resolución de que tratamos, o que cómpre solicitar tamén con carácter subsidiario.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Interpoñer recurso de reposición contra a resolución da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, de data 21 de febreiro de 2017, adoitada no expediente sancionador IN 635 C 2016/41-4.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(252).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL NA RÚA VENEZUELA. EXP0TE. 9247/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 15/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parque e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que di o seguinte:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016, recolle a aplicación orzamentaria 1710.6190015 "PARQUES INFANTÍS E BIOSAÚDABLES".

2.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 30 de novembro de 2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 16.111,01 euros, para a redacción do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, a prol da empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP (B27734626).

3.- O proxecto presentado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP, en execución do anterior contrato, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de SETECENTOS SESENTA E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO EURO

4.- O Concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a proposta do Xefe de Servizo, con data 28 de decembro de 2016, resolveu iniciar expediente de aprobación de proxecto (expte. 9247/446).

5.- O Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 25 de xaneiro de 2017, remite o presente expediente á Oficina de Supervisión de Proxectos, sinalando que os prezos indicados no proxecto se consideran adecuados á execución do contrato.

6.- O Enxeñeiro Técnico en Topografía, co conforme do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, con data 23 de febreiro de 2017, informou que :

"Xa que a cuantía do proxecto é superior a 350.000 euros, o presente informe de supervisión será preceptivo.

Os costes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, e son precios xerais de mercado, segundo dilixencia achegada polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público" e polo "Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro" polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo."

7.- O ámbito de actuación desenvólvese na beirarrúa da rúa Venezuela, fronte aos números postais 26 a 36, sobre o aparcadoiro soterrado existente e comprende as seguintes actuacións:

- Desmontaxe do mobiliario existente.
- Desmontaxe dos xogos existentes e demolición dos elementos construtivos sobran-tes con retirada do cascallo a vertedoiro autorizado.
- Arrincado do pavimento actual de caucho continuo de seguridade e retirada do mes-mo a vertedoiro autorizado.
- Traslado de especies arbóreas a lugar a designar polos técnicos municipais.
- Adecuación e transformación de xardinería perimetral traseira en valado acristalado de altura 1,50m, en zona coincidente co parque infantil, mediante a retirada de terra, reforzos interiores, tapado da mesma e posterior selado e impermeabilización. Sobre a mesma instalárase un valado acristalado con vidro laminar 5+5 stadip, traslúcido e autolimpiable con balaustres de aceiro inoxidable AISI 304 de altura 1,50m.
- Arrincado do pavimento de lousa hidráulica actual con posterior regularización con morteiro M-450 con aditivos elastómeros.
- Instalación de rexas continuas drenantes de anchura 130mm e de calado variado en-tre 95mm e 145mm debido á imposibilidade de executar gabias e canalizacións pola existencia do forxado. Este calado será o que facilite a evacuación das augas xunto á adaptación de rasantes mediante o morteiro nivelante e o caucho continuo de se-guridade. As unións das rexas quedarán seladas.
- Arrincado o pavimento e regularizado con morteiro procederáse aplicar o sistema de impermeabilización consistente en estender unha imprimación e sobre ela colocar unha dobre lámina impermeabilizante de betón elastomérico termoselada ou similar complementada en xuntas, recunchos remates e bordos con poliuretano proxectado cos seus correspondentes rozas. Sobre a dobre capa colocárase un ge téxtil 160gr/m².
- Pavimentación con lousas de granito das beirarrúas perimetrais ao parque incluso execución de orelleiras no lado impar fronte ao parque para a instalación de dous no-vos pasos de peóns semaforizados con balizas luminosas que comunicará o lado im-par co lado par da Rúa Venezuela. Ademais executarase un rebaixe na beirarrúa ac-tual na esquina Oeste do parque para habilitar rampla de acceso a un novo paso de peóns.
- Instalárase unha xardineira na parte frontal do parque como barreira vexetal segre-gando a zona peonil da calzada, esta xardineira drenará realizando conexións cada 5 metros ao vaso da rexa continua con tubaxe de PE de 50 mm. A rejilla evacuará as augas dirixíndoas cara aos extremos, lados oeste e este, quedando o seu punto alto na parte central da mesma. No lado Oeste existe xa un imbornal que se adaptará nun punto de evacuación. Para o lado Este contéplase a execución dun sumidoiro para conectar ao colector actual que discorre cara á rúa Simón Bolívar que discorre situada entre a beirarrúa e a xardineira. A xardineira estará encintada no seu lado in-terior por unha chapa metálica de bordo de 5mm H=17 cm, e no seu lado exterior por un bordo de granito de 20x70x35. Equiparase cunha planta arbustiva Arce Palmatum ou similar calibre 12, achega de substrato para planta, con planta de tempada 6ud/m² e tepe, con formación sinuosa do terreo.
- Colocado o geotextil procederáse á instalación dos diferentes elementos de xogo de-finidos nos planos, dependendo das características do xogo, o seu peso propio e os seus esforzos. Adaptarase o sistema de suxeición ás condicións actuais do forxado, este sistema deberá ir complementado en ningún caso deberase alterar as condi-cións do forxado. O forxado admite unha carga de uso de 500Kg/m². Como sistema alternativo proposto considerouse a fixación sobre soleira nivelada de 10 cm de es-

pesor con formigón HM25/P/20I. Sobre esta soleira de formigón complementada incrustaranse planchóns en superficie e espesor suficiente para poder sustentar os xogos mediante soldadura. Estes planchones forrásense cunha primeira capa de chan de caucho continuo comprimido impermeable. Nas soldaduras deberanse de aplicar sprays galvanizantes en frío. Non obstante os xogos para instalar dependendo das súas características particulares poderán ter un sistema de fixación similar complementado adaptado ás circunstancias descritas podéndose variar pero sempre xustificado.

- Posteriormente cubrirase co pavimento de caucho continuo protector para o uso dos xogos. Para este pavimento contéplase a aplicación do pavimento con espesores variables adaptándoas ás alturas de caídas e á nivelación do pavimento para o desaloxo superficial das augas de choiva. O pavimento estará constituído por colorido moi variado e acorde entre os diferentes elementos que forman o parque, a elixir polo Departamento.
- O proxecto contempla a colocación de dous bebedoiros que desaugarán a través das rexas drenantes.
- Colocación de valados perimetrais de fabricación metálica tubular de 80x2mm de diámetro galvanizado en quente e lacado segundo deseño, sobre zapata complementada de formigón in situ que permita fixalo HM-20/P/40/I.
- Aproveitando o desmonte superficial do pavimento para albergar as rexas colocárase a tubaxe de abastecemento para alimentar a fonte bebedeiro.
- Instalación de anticán no acceso ao parque para evitar o acceso de cans ao parque.
- Colocación de cartel.
- Contéplase a instalación duns pasos de peóns semaforizados máis amplos que faciliten o acceso ao lugar mediante a instalación dunha rede semafórica reforzada con 12 balizas luminosas.
- Por último aplicarase a sinalización horizontal necesaria previo lixado e tapado con pintura de clorocaucho negra da sinalización horizontal actual que interfere.
- Estas actuacións descríbense e valoran neste documento ou noutros complementarios anexos ao presente documento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS meses.

8.- O Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 6 de marzo de 2017, informou que o proxecto presentado cumpre cos obxectivos do contrato.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa

concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª.3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA”, de data decembro de 2016, presentado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, cuxo orzamento base de licitación, IVE engadido, é de SETECENTOS SESENTA E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (766.884,15 EUROS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(253).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA TÉCNICA, MATERIAL E INFORMÁTICA, NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, POR MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓNS DAS TAXAS PRACTICADAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPOSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado polo tesoureiro municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación co expediente nº 16863/541, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de condicións técnicas asinado en data 21/02/2017 e de cláusulas administrativas particulares asinado en data 02/03/2017, e Informe xustificativo das determinacións do contrato, asinado o 17/02/2017 e os seus anexos elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concellería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, por un período de catro anos, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de dúas prórrogas.

SEGUNDO.- O valor estimado do contrato queda regulado na cláusula 3 das FEC, e o réxime de pagamentos e regularización anual queda reflectido na cláusula 12 das FEC:

Valor estimado: 17.280.000 euros

Anualidades co IVE engadido:

- ano 2017: 871.000,02 euros*
- ano 2018: 3.484.000,00 euros*
- ano 2019: 3.484.000,00 euros*
- ano 2020: 3.484.000,00 euros*
- ano 2021: 2.612.999,98 euros*
-

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP-FEC).

CUARTO.- A imputación do gasto farase con cargo á aplicación 9340.2270800 do Orzamento vixente.

A proposta feita ao órgano de contratación era de data 9 de marzo de 2017. Con posterioridade, fíxose algunha corrección ao PCAP (FEC), o que deu orixe a unha nova sinatura no PCAP e nas FEC, sendo o PCAP e FEC que rexen o procedemento de contratación o asinado en data 13 de marzo de 2017 e non o de 2 de marzo, correccións que foron sometidas de novo ao informe de Asesoría Xurídica e da Intervención, sendo por tanto necesario facer unha corrección de erros no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de marzo de 2017, quedando a proposta final como sigue:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORREXIDA

1.-Antecedentes

Dando cumprimento á Resolución do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, asinada en de data 13 de xullo de 2016, por esta tesourería procedeuse á formación técnica do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concillería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, conformando o expediente para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Unha vez xustificadas as necesidades da contratación, informe xustificativo das determinación e demais documentación que figura no expediente, polo Servizo de Contratación procedeuse a elaboración do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e as Follas Específicas do Contrato, sendo a sinatura dos documentos definitivos a seguinte:

PCAP e FECC que rexen o procedemento:	13/03/2017
Informe técnico xustificativo cos criterios de valoración:	17/02/2017
PPT:	21/02/2017
Inf. Xurídico final:	13/03/2017
Inf. Fiscalización:	13/03 e 14/03/2017

2.- Competencia

A competencia para a aprobación dos devanditos pregos así como do expediente de contratación e a adxudicación do contrato, corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 110, 115 e 116 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), artigos, 318 e 319 da Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), 5/1997, de 22 de xullo e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP).

3.- Proposta

En consecuencia co anterior, unha vez que emita o informe a Intervención Xeral, sométerase á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de condicións técnicas asinado en data 21/02/2017 e de cláusulas administrativas particulares asinado en data 13/03/2017, e Informe xustificativo das determinacións do contrato, asinado o 17/02/2017 e os seus anexos elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concillería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, por un período de catro anos, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de dúas prórrogas.

SEGUNDO.- O valor estimado do contrato queda regulado na cláusula 3 das FEC, e o réxime de pagamentos e regularización anual queda reflectido na cláusula 12 das FEC:

Valor estimado: 17.280.000 euros

Anualidades co IVE engadido:

- ano 2017: 871.000,02 euros
- ano 2018: 3.484.000,00 euros
- ano 2019: 3.484.000,00 euros
- ano 2020: 3.484.000,00 euros
- ano 2021: 2.612.999,98 euros

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP-FEC).

CUARTO.- A imputación do gasto farase con cargo á aplicación 9340.2270800 do Orzamento vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(254).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO E RÍAS BAIXAS 2017-2019”. EXPTE. 6628/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/03/17 e o informe de fiscalización de data 24/03/17, dáse conta do informe-proposta do

24/03/17, asinado pola técnico de Turismo, a concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 20 de novembro de 2015 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron, no exercicio das súas competencias, un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente expediente importa en relación a promoción turística.

No marco deste protocolo, ambas entidades elaboraron conxuntamente un proxecto de convenio de colaboración para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos de Vigo e as Rías Baixas e a provincia de Pontevedra.

A promoción turística a través de soportes publicitarios propios das aerolíneas tense amosado como moi eficiente, segundo a experiencia municipal de xestión dos últimos anos. A poboación que viaxa con fins turísticos usa maioritariamente en todo o mundo o avión, polo que a publicidade de destino inserida nas aeronaves, nas revistas de a bordo ou flyers e os anuncios ou caracterización dos destinos nas páxinas web das distintas compañías garanten a presenza do destino Vigo entre a poboación diana da promoción turística mundial. Os espazos publicitarios nos propios equipamentos aéreos teñen unha operatividade intensiva, xa que dificilmente un avión deixa de usarse e dificilmente a pasaxe deixa de recibir múltiples impactos da publicidade que o rodea durante as horas de viaxe.

Esta promoción turística obtivo excelentes resultados na presenza nacional e internacional do destino Vigo e no incremento da afluencia de visitantes, sen menoscabo da positiva mellora da conectividade de Peinador que conlevou. Por tanto, no marco do convenio asinado en data 28 de setembro de 2016 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, considérase conveniente para os intereses municipais manter e reforzar as accións de promoción turística coas compañías aéreas, que ven realizando o Concello de Vigo.

En data 13 de marzo de 2017 a Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente conducente á contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo mediante un contrato maior, por orzamento de setecentos trinta e seis mil euros (736.000,00€) incluído IVE, correspondendo dous centos setenta mil euros (270.000,00€) ao ano 2017 con cargo á aplicación presupostaria 432.0227.9909 “Convenio Deputación Promoción Turística Soporte” e bolsa de vinculación.

Constitúe o obxecto deste contrato a prestación da promoción turística de Vigo e das Rías Baixas en mercados turísticos vencellados coa área mediterránea peninsular e insular, co obxectivo de atraer turistas procedentes destes mercados, a través de:

- O establecemento de conectividade aérea directa desde Valencia, Palma de Mallorca e Ibiza coa cidade de Vigo.*
- O desenvolvemento de accións de promoción turística.*

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto con múltiples criterios de valoración.

Á vista do exposto, nos pregos técnicos, dos pregos administrativos do servizo de contratación, e previo informe da asesoría xurídica, e coa conformidade do Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

- 1. Aprobar a contratación a través do procedemento aberto para o contrato de "Promoción turística de Vigo e Rías Baixas 2017-2019", expediente Nº 6628-104.*
- 2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 22 de marzo de 2017 e o prego de cláusulas administrativas de 22 de marzo de 2017.*
- 3. Autoriza-lo gasto, por importe setecentos trinta e seis mil euros (736.000,00€) incluído IVE, correspondendo dous centos setenta mil euros (270.000,00€) ao ano 2017, con cargo á aplicación presupostaria 432.0227.9909 "Convenio Deputación Promoción Turística Soporte" e bolsa de vinculación*
- 4. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez